



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE CUALEDRO PARA A MELLORA DO PAVIMENTO E SERVIZOS DA RÚA DA IGREXA NA XIRONDA E ADAPTACIÓN DO TOURAL DA FEIRA EN CUALEDRO.

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o concello de Cualedro, enmárcase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo (**Plan hURBE 2014-2017**). Para elo, nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2016 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación obxecto do acordo.

3.-Finalidade

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Cualedro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o trinta e un de decembro de 2016.

4.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Cualedro, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na **“mellora do pavimento e servizos da rúa da Igrexa na Xironda e adaptación do toural da feira en Cualedro”**.





5.- Fundamentos do instrumento convencional

O Concello de Cualedro, ao amparo da Resolución do 15 de xuño de 2016, da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes, en materia de colaboración entre a Xunta de Galicia e as corporacións municipais, para a realización de obras con cargo ao financiamento extraordinario para o Plan Hurbe no ano 2016 (DOG do 20 de xuño), trata de promover unha actuación consistente na **“mellora do pavimento e servizos da rúa da Igrexa na Xironda e adaptación do toural da feira en Cualedro”**.

Constitúen obxectivos do Plan hURBE, entre outros, os de:

- Promover o desenvolvemento das vilas e dos núcleos rurais con criterios de sustentabilidade económica, medioambiental e social.
- Fomentar a conservación e posta en valor do patrimonio cultural e histórico dos núcleos urbanos das vilas e tamén, no seu caso, dos núcleos rurais do territorio galego.

Para o cumprimento destes obxectivos, a Xunta de Galicia promoverá a execución de equipamentos urbanos municipais, có fin de dotar aos concellos dunha adecuada oferta de actividades de ocio, recreativas, culturais e de lecer, co fin de mellorar a calidade vida dos seus cidadáns e do público en xeral.

Promoveranse todas aquelas actuacións orientadas a mellorar a seguridade viaria e peonil, a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas, co fin de mellorar o benestar dos veciños.

Fomentarase, así mesmo, a conservación e recuperación de espazos públicos, coa finalidade da súa posta en valor como espazo social, cultural e economicamente activo.

O concello presenta un documento técnico que define a actuación obxecto do convenio, e que en síntese consiste, por unha banda a realización da mellora do pavimento e servizos da rúa da Igrexa na aldea da Xironda de xeito que este espazo resulte máis atractivo e concordante coas edificacións tradicionais do contorno e por outra banda a adaptación dos terreos do Toural da Feira en Cualedro para a súa utilización coma área de lecer por parte dos usuarios da residencia de anciáns e centro de día situada na devandita parcela.

Os núcleos de A Xironda e Cualedro, situados respectivamente nos extremos Sur e Norte do territorio municipal acumulan a meirande parte da poboación e da actividade económica. No caso da Xironda polo feito de atoparse na fronteira con Portugal e polo seu elevado número de habitantes, hoxe en día minguado polo despoboamento pero moi significativo ao longo da historia como proban as numerosas edificacións de carácter señorial que aínda se conservan. No caso de Cualedro polo feito de contar cos servizos que lle confire o seu carácter de capitalidade municipal.





Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2016. María Encarnación Rivas Díaz,
Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

